

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS DIRECTAS EN ESPECIE PARA O FOMENTO E O APOIO Á NATALIDADE

O artigo 39 da Constitución Española establece como un dos principios reitores da política social a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantirlles o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece, no seu artigo 6, como principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia, o apoio e a protección da familia como medio de transmisión da vida e como ámbito privilexiado para o desenvolvemento persoal; reconece, como un dos principios de responsabilidade pública, o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

É unha realidade constatada á cal o Concello de Lalín non é alleo, a existencia dun continuado decrecemento da poboación desde fai anos, que obriga aos poderes públicos a actuar tomando medidas que dalgún xeito contribúan a paliar esa sangría demográfica e a fixar poboación.

Por outro lado a precariedade laboral, a insuficiencia de recursos adecuados para a conciliación da vida familiar e laboral, o atraso na idade de emancipación dos nosos mozos e mozas, son algúns dos factores que inflúen na diminución da natalidade, que é, sen dúbida, un dos principais problemas aos que debe facer fronte a nosa sociedade nos vindeiros anos.

É por elo que a través destas axudas o Concello de Lalín quere contribuir a paliar o custo aparelado á crianza dos fillos e fillas alomenos nos primeiros momentos.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como das Bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2024, o Concello de Lalín convoca unha liña de subvencións destinadas a fomentar e apoiar á natalidade no noso concello

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE

1.1. O obxecto destas bases é regular a concesión dunha axuda directa en especie a aquelas familias que durante o ano 2024 teñan un fillo ou filla, adopten ou sexan declarados en situación de garda con fins adoptivos ou ben teñan constituída a tutela sobre as crianzas que dan dereito á axuda.

1.2. A finalidade destas axudas é fomentar e apoiar a natalidade no Concello de Lalín contribuíndo a paliar o custo aparelado á crianza dos fillos e fillas alomenos nos primeiros momentos.

SEGUNDA.- NATUREZA DAS AXUDAS

As axudas reguladas nestas bases configúranse como axudas en especie ao abeiro do disposto na Disposición Adicional quinta da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións así como no artigo 3 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

O Concello de Lalín adquirirá os bens obxecto da axuda coa finalidade exclusiva de entregalos a terceiros.

Eses bens a adquirir para a súa entrega serán uns lotes de produtos de puericultura.

TERCEIRA .- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS E FINANCIAMENTO

3.1 As axudas reguladas nestas bases intégranse no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024, encadrándose na liña 3 do dito plan (subvencións de cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano).O obxectivo estratéxico desta liña é o apoio ás persoas e colectivos máis desfavorecidos ou con máis dificultades, financiando iniciativas que axuden a diminuír as desigualdades e a incrementar e contribuír a mellorar as súas condicións de vida.

3.2 Dado que as axudas reguladas ao abeiro destas bases son axudas en especie, deben adquirirse os bens para ser entregados e o gasto de adquisición farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 231/48918/01 ata un importe máximo de 8.000 euros , correspondente ao orzamento do Concello de

Lalín para o ano 2024.

CUARTA.- PUBLICIDADE

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión é o de concorrência non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, senón que a concesión da axuda se realiza pola comprobación da concorrência na persoa solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A concesión levarase a cabo baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

SEXTA.- BENEFICIARIAS E REQUISITOS

6.1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas que sexan

- Proxenitoras dunha crianza nacida entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.
- Adoptantes ou declaradas en situación de garda con fins adoptivos dun/dunha menor, sempre que a constitución da adopción ou a declaración de garda con fins adoptivos teña lugar entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.
- Tutores/as dun/dunha menor, sempre que a constitución da tutela se faga entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.

6.2.- Os requisitos para poder solicitar a axuda son os seguintes:

- Tódolas persoas integrantes da unidade familiar deben figurar empadroadas no Concello de

Lalín no momento da presentación da solicitude e permanecer empadroadas durante os dous anos seguintes á concesión da axuda. Este requisito será comprobado de oficio polo órgano instructor do procedemento e o seu incumprimento dará lugar ao reintegro da axuda percibida.

- O/a menor que causa dereito a axuda debe igualmente figurar empadroado/a no Concello de Lalín no momento da presentación da solicitude

6.3.- Entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, xunto con:

1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/da pai/nai, vivan de xeito independente.

2º. As fillas e os fillos maiores de idade con medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade

3º. As fillas e os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos

No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará membro computable aquel que non conviva co/a menor, agás nos casos de custodia compartida .

6.4.- No caso de que a persoa solicitante sexa estranxeira, terá que cumprir, ademais, o establecido na LO 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España e a súa integración social.

SÉTIMA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

7.1.- Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións así como no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.2.- Asimesmo, as persoas beneficiarias obríganse a:

a) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control que poidan realizar os órganos de control competentes.

b) Comunicar calquera cambio ou variación que se produza nos requisitos e condicións determinantes do outorgamento da subvención, no prazo de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte a aquel en que se produzan.

c) Permanecer empadroadas tódolas persoas integrantes da unidade familiar no Concello de Lalín durante o prazo de dous anos a contar desde a concesión da axuda

OITAVA.- CONTÍA DA AXUDA

A axuda consistirá nun lote de produtos de puericultura con valor de adquisición de 120 euros IVA incluído.

Cada neno/a nacido/a, tutelado/a ou adoptado/a dará dereito a unha única axuda a favor da persoa solicitante.

NOVENA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

9.1.-As solicitudes de axuda deberán presentarse no modelo normalizado de solicitude que figura como Anexo I.

Achegarase a seguinte documentación complementaria

- Dni da persoa solicitante
- Copia do libro de familia ou certificado de nacemento do Rexistro Civil do/a menor que da dereito a axuda
- No seu caso, copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos
- No seu caso, copia da resolución xudicial que constitúa a tutela
- No seu caso, sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador das relacións paterno filiais.
- Compromiso das persoas integrantes da unidade familiar de seguir empadroadas no Concello de Lalín durante o prazo previsto nestas bases. Anexo II
- Unha declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por tratarse dun dos supostos

previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
Anexo III

Comprobarase de oficio que a persoa solicitante se atopa ao corrente coa facenda local así como a situación da unidade familiar en relación co padrón municipal.

9.2.-As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Lalín empregando o formulario de solicitude de subvención directa a adxuntando o Anexo I que estará dispoñible na sede electrónica e na páxina web do Concello de Lalín así como a documentación complementaria sinalada no punto anterior

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente perante o rexistro xeral do Concello de Lalín

9.3.- O prazo de presentación de solicitudes estará aberto durante todo o ano 2024.

Para aqueles nacementos , adopcións ou constitucións de tutela que se produzan no mes de decembro de 2024 o prazo estará aberto ata o 20 de xaneiro de 2025.

DÉCIMA.- EMENDA DAS SOLICITUDES

Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación esixida, o órgano instructor encargado da tramitación do expediente requirirá á persoa solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

DÉCIMOPRIMEIRA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrucción do procedemento corresponderalle a un técnico/a do Concello de Lalín, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes.

As axudas tramitaranse por un procedemento abreviado no que o órgano instructor lle formulará directamente ao órgano concedente a proposta de resolución, tras comprobar a concorrencia dos requisitos esixidos.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas solicitantes cumpren os requisitos esixidos.

O órgano instructor, á vista do expediente, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver por ter delegada a competencia da Alcaldía, sen prexuízo da posible avocación de competencia que poida producirse por causas debidamente xustificadas.

DÉCIMOSEGUNDA.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións. Na tramitación do expediente estarase ó disposto nas Bases de execución do orzamento municipal para o ano 2024.

O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende o día da presentación da solicitude.

A notificación levarase a cabo de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, o transcurso do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión destas axudas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

DÉCIMOTERCEIRA .- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a

obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DÉCIMOCUARTA.- XUSTIFICACIÓN

Tendo en conta que as axudas previstas nestas bases se conceden en atención á concorrencia nas persoas beneficiarias da situación prevista na base primeira, de acordo co artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se requirirá a rendición da conta xustificativa regulada nese artigo, sen prexuízo, en todo caso, da necesaria acreditación da situación que xustifica a concesión da subvención previamente á súa concesión e o cumprimento das obrigas materiais e formais establecidas nestas bases.

En todo caso a xustificación da axuda quedará documentada mediante a sinatura por parte da persoa beneficiaria no momento da entrega do lote, da acta de entrega que figura como Anexo IV.

DÉCIMOQUINTA.- PAGAMENTO

Ao tratarse dunha axuda en especie, non haberá transferencia de fondos a favor das persoas beneficiarias, substituíndose esta pola entrega dos subministros adquiridos consistentes nuns lotes de produtos de puericultura.

Por elo e de forma simultánea instruirase o correspondente expediente de contratación para o subministro dos bens en que consiste a axuda.

DÉCIMOSEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As subvencións recollidas nestas bases son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade.

DÉCIMOSÉPTIMA.- REINTEGRO E SANCIÓN

17.1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 38/2003 xeral de subvencións así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

No suposto de que se declare a procedencia do reintegro considerarase como cantidade recibida a reintegrar, un importe equivalente ao prezo de adquisición do ben entregado xunto cos correspondentes xuros de mora.

17.2. As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos no título IV da Lei 38/2003 xeral de subvencións así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- CONTROL

18.1. O Concello de Lalín poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para vixiar o cumprimento das axudas reguladas nesta convocatoria.

18.2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención do concello de Lalín, nos termos que establecen o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento municipal e o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local.

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCION DE DATOS

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución e resolución do procedemento para a concesión das axudas de pagamento único para o fomento e o apoio á natalidade no Concello de

Lalín, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s axudas.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro–Concello de Lalín–. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

A participación nesta convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2024, na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo

ANEXO I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DIRECTAS EN ESPECIE PARA O FOMENTO E O APOIO Á NATALIDADE	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME : APELIDOS: DNI:

DOMICILIO :

TELEFONO: CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA PERSOA PROXENITORA QUE NON APAREZA COMO SOLICITANTE

NOME : APELIDOS: DNI:

DATOS DOS/AS NENOS/AS POLOS/AS QUE SOLICITA A AXUDA

NOME	APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	DATA DE ADOPCIÓN/GARDA OU TUTELA

DATOS DAS PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE FAMILIAR DISTINTAS DAS PERSOAS PROXENITORAS E DO/A NENO/A POLO/A QUE SE SOLICITA A AXUDA

NOME	APELIDOS	PARENTESCO CA PERSOA SOLICITANTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Dni da persoa solicitante
- Copia do libro de familia ou certificado de nacemento do Rexistro Civil do/a menor que da dereito a axuda
- Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

- Copia da resolución xudicial que constitúa a tutela
- Sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador das relacións paterno filiais.
- Compromiso de empadramento no Concello de Lalín durante o prazo previsto nestas bases. Anexo II
- Declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a..Anexo III

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución e resolución do procedemento para a concesión das axudas directas en especie para o fomento e o apoio á natalidade obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das axudas..

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Lalín - . Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lalín, a de de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN

ANEXO II

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DIRECTAS EN ESPECIE PARA O FOMENTO E O APOIO Á NATALIDADE	COMPROMISO DE MANTEMENTO DO EMPADROAMENTO

DATOS DAS PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE FAMILIAR

NOME	APELIDOS	DNI	MENOR DE IDADE	REPRESENTANTE LEGAL/DNI	SINATURA
			SI NON		
			SI NON		
			SI NON		
			SI NON		
			SI NON		

COMPROMÉTENSE A

Permanecer empadroadas no Concello de Lalín durante os dous anos seguintes á concesión da axuda

e **AUTORIZAN** ao Concello de Lalín á comprobación de oficio deste dato.

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

ANEXO III

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DIRECTAS EN ESPECIE PARA O FOMENTO E O APOIO Á NATALIDADE	DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME :

APELIDOS:

DNI:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pedente de pagamento ningunha débeda coa administración da Comunidade Autónoma de Galicia nin co Concello de Lalín

- Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia

-Que non ten pendente de xustificar ningunha subvención perante o Concello de Lalín

- Que en relación con outras axudas para a mesma finalidade:

- ☐ Non solicitou outras axudas
- ☐ Si solicitou outra axudas

ORGANISMO	IMPORTE

-Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lalín, a de de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

ANEXO IV

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DIRECTAS EN ESPECIE PARA O FOMENTO E O APOIO Á NATALIDADE	ACTA DE ENTREGA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME :

APELIDOS:

DNI:

DOMICILIO :

TELEFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DECLARA

1.- Que por acordo da Xunta de Goberno Local de data

foime concedida unha axuda directa en especie para o fomento e o apoio á natalidade

2.- Que en data

fíxoseme entrega da dita axuda en especie consistente nun lote de produtos de puericultura

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lalín, a de de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN